



**A Voceira do Grupo Municipal Socialista de San Amaro, denuncia a desidia do Alcalde á hora de controlar a obra do abastecemento de auga no Concello.**

**Coas primeiras choivas xa apareceron os primeiros buracos, consecuencia de empregar malas calidades na execución da obra.**

Tal e como destacamos en Setembro, cando a Voceira do noso Grupo, Chus Carrasco, denunciou a falta de interese e a desidia manifestada polo Alcalde de San Amaro respecto da obra de abastecemento e bombeo de auga; os feitos non fan máis que corroborar a nosa posición neste tema.

A obra que se está a realizar de bombeo de auga, non só no Concello de San Amaro senón no de Cenlle e Punxín, ten tintes grotescos. A execución e calidade son penosas e ao Alcalde do noso Concello, parece non importarlle.

Ao ser inquerido ao respecto, Ernesto Pérez, di non ter ningunha responsabilidade sobre a obra, nin respecto do control e vixilancia das mesmas coma na inspección das calidades das obras xa realizadas.

Namentres il se desentende dunha obra que afecta considerablemente á veciñanza do San Amaro e cuio éxito depende da eficiencia e calidade que se poñan na mesma, comezamos a sufrir as primeiras consecuencias do nulo coidado amosado na execución. Como se pode observar nas fotos adxuntas, apareceron buracos considerables na vía, consecuencia das primeiras choivas e da utilización de asfalto en frío. A obra executada por Augas de Galicia e a empresa Petrolam A Veiga S.L., está sendo realizada sen ningún tipo de inspección nin control, sen que esto supoña un problema para o Alcalde do San Amaro, que se desentende, algo xa máis que habitual no seu comportamento.

Se con só uns días de choiva, xa hai estos buracos, non queremos imaxinar como se porá a situación conforme avance o inverno, desaparecerá a vía e os veciños andarán polas corredoiras en chancos.

Unha vez máis, dende o Grupo Municipal Socialista, apelamos á responsabilidade do Alcalde do San Amaro, se é que sabe como se exerce, e reclamamos que se actúe de xeito inmediato, inspeccionando e controlando a calidade dunha obra tan importante para o noso Concello.

**En San Amaro a 7 de Novembro de 2015**